

# Xi Jinping, un Presidente sen LÃ¡mites

## Description

As sesiÃ³ns legislativas simultÃ¡neas (do macroparlamento e da conferencia consultiva polÃ­tica) que decorren na China ofrecen este ano algunhas novidades de alcance. Con seguridade, a de maior eco mediÃ¡tico refÃ­rese Ã  reforma constitucional pero igualmente inclÃºe outras como a creaciÃ³n da comisiÃ³n estatal de supervisiÃ³n para loitar contra a corrupciÃ³n, un novo impulso Ã  revitalizaciÃ³n rural, unha importante reforma estrutural do Partido, do Estado, do exÃ©rcito e das organizaciÃ³ns populares, e o derradeiro pulo Ã  loita contra a pobreza.

As sesiÃ³ns legislativas simultÃ¡neas (do macroparlamento e da conferencia consultiva polÃ­tica) que decorren na China ofrecen este ano algunhas novidades de alcance. Con seguridade, a de maior eco mediÃ¡tico refÃ­rese Ã  reforma constitucional pero igualmente inclÃºe outras como a creaciÃ³n da comisiÃ³n estatal de supervisiÃ³n para loitar contra a corrupciÃ³n, un novo impulso Ã  revitalizaciÃ³n rural, unha importante reforma estrutural do Partido, do Estado, do exÃ©rcito e das organizaciÃ³ns populares, e o derradeiro pulo Ã  loita contra a pobreza.

### A reforma da ConstituciÃ³n

A nova revisiÃ³n da ConstituciÃ³n aprobada en 1982 consolidarÃ¡ o papel de Xi Jinping, actual secretario xeral do PCCh (desde 2012) como a figura central da polÃ­tica chinesa, cunha relevancia sen igual nas Ãºltimas dÃ©cadas. Xi acumula nestes momentos os cargos principais do liderado chinÃ©s: presidente da ComisiÃ³n Militar Central, secretario xeral do PCCh e Presidente do paÃ­s. Esta converxencia dos tres cargos nunha mesma persoa devÃ©n dos sucesos de Tiananmen en 1989 e foi pensada para conxurar os perigos da divisiÃ³n de criterios ante conxunturas delicadas. A ConstituciÃ³n establece un lÃ­mite de dous mandatos de cinco anos para o Presidente; nas outras instituciÃ³ns non existen eses lÃ­mites formais pero nos Ãºltimos aÃ±os a tendencia foi de asumir, por extensiÃ³n, esa limitaciÃ³n. En consecuencia, a eliminaciÃ³n do lÃ­mite dos dous mandatos, igualmente por extensiÃ³n, facilitarÃ¡ mandatos mais longos do habitual en tempos recentes, unha medida procurada por Deng Xiaoping para evitar un exceso de acumulaciÃ³n de poder por unha soa persoa nun sistema con febles controis. As experiencias do Grande Salto Adiante e da RevoluciÃ³n Cultural pesaron no seu dÃ­a na introduciÃ³n deste lÃ­mite e doutros mecanismos tendentes a garantir unha direcciÃ³n colexiada e fÃ³rmulas normativas, escritas ou non, para ordenar o delicado asunto das sucesiÃ³ns.

Oficialmente, rexÃ©itase a idea da recuperaciÃ³n da presidencia vitalicia, que na prÃ¡ctica poderÃ­a quedar establecida se Xi asume non dous senÃ³n tres ou catro mandatos. As razÃ³ns principais que argumentan este cambio de criterio apuntan a dous flancos. Primeiro, a China vive unha etapa crucial no seu desenvolvemento e requÃ­rese un liderado forte para garantir a cohesiÃ³n interna e facer fronte aos perigos do proceso derivados do incremento das tensiÃ³ns con Occidente (dende guerras comerciais a doutro tipo). Segundo, as sÃºas polÃ­ticas atÃ³panse aÃ­nda nunha fase inicial e precisan mais tempo para ser debidamente implementadas e tomar velocidade de cruceiro. NinguÃ©n mellor para iso que o seu inspirador principal.

O XIX Congreso do PCCh celebrado en outubro pasado, deixou aberta a cuestiÃ³n sucesoria. NingÃºn dos lÃ­deres incorporados ao ComitÃ© Permanente do BurÃ³ PolÃ­tico poderÃ¡ suceder a Xi por razÃ³ns de idade. Ã un comitÃ© de transiciÃ³n ata se incorporar a sÃ©tima xeraciÃ³n de dirixentes en cuxa selecciÃ³n as escollas de Xi serÃ¡n determinantes. Deste xeito, sacÃ³dese os lÃ­mites que supoÃ±en o consenso, a designaciÃ³n cruzada de lÃ­deres, a observaciÃ³n da idade, e outras normas que nos Ãºltimos anos viÃ±an marcando a ruta para a elecciÃ³n do mÃ¡ximo liderado do paÃ­s.

En tres saltos, Xi, cos cambios introducidos, asegura en só un lustro unha posición que á volta duns anos puxará coa de Deng Xiaoping pola consideración como segunda figura histórica da China Popular. Mao logrou poñer a China en pe. Deng conseguiu desenvolvela. Pero será Xi quen volva facer dela un país forte e poderoso, recuperando a posición central no sistema global. Consciente desa oportunidade histórica, Xi logrou primeiro ser recoñecido como “núcleo” da dirección, despois conseguiu que o xiísmo emerxera como guía política para realizar o soño chinés da modernización –pensamento que será recollido na Constitución- e agora, asegurándose un poder sen límite de mandatos, poderá entronizarse como a figura que finalmente puxo o broche de ouro á emerxencia de China.

Os nomes desta nova etapa

Por primeira vez en moitos anos, a persoa elixida para o cargo de vicepresidente do Estado pode ser relevante. As especulacións en torno a un hipotético regreso do xa xubilado Wang Qishan, aliado de Xi, ou o nomeamento de Hu Chunhua para o cargo serán indicadores diso. Se é Wang, dinamitando o límite de idade, o cargo gañará peso mesmo podendo instituírse como un segundo de facto na xerarquía, mingando novamente o papel do primeiro ministro Li Keqiang, sobre quen pesan novamente rumores de substitución; se é Hu, chamado a ser o sucesor de Xi en 2022, converteríase nunha especie de príncipe Carlos da política chinesa, cunha compensación que o descarta definitivamente. Noutro caso, Hu Chunhua podería ser un dos catro viceprimeiros ministros, entre os cales emerxerá a figura forte de Liu He, igualmente aliado de Xi Jinping.

## APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

China e o mundo chinés

## ETIQUETAS

China PCCh Xi Jinping Constitución

## IDIOMA

Galego

## INVESTIGACION

Observatorio de la Política China

## Date Created

Marzo 14, 2018

## Meta Fields

**Autoria :** 3717

**Datapublicacion :** 2018-03-15 00:00:00